

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 31 de agosto de 2018, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se declaran, con carácter definitivo, as persoas aspirantes admitidas e excluídas, así como as exentas e non exentas do exercicio de lingua galega, e se nomean os tribunais cualificadores no concurso-oposición para o ingreso nas categorías de grupo técnico da función administrativa e grupo de xestión da función administrativa, convocado pola Resolución do 1 de marzo de 2018.*

Mediante Resolución do 1 de marzo de 2018 desta dirección xeral (*Diario Oficial de Galicia* núm. 51, do 13 de marzo) convocouse concurso-oposición para o ingreso nas categorías de grupo técnico da función administrativa e grupo de xestión da función administrativa.

Por Resolución do 18 de xuño de 2018 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 124, do 29 de xuño) publicouse a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as por categoría, así como dos/das exentos/as e non exentos/as da realización do exercicio de lingua galega.

Na base sétima da resolución de convocatoria dispónse que o tribunal cualificador do concurso-oposición, único para a categoría, será nomeado pola autoridade convocante cunha antelación mínima dun mes ao da data de realización das probas e publicárase para este efecto a oportuna resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

De conformidade coa antedita base e finalizado o prazo de emenda previsto no apartado 6.2 desta mesma resolución, este centro directivo, como órgano convocante do proceso

**RESOLVE:**

Primeiro. Declarar, con carácter definitivo, os/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as, así como os/as exentos/as e non exentos/as da realización do exercicio de lingua galega no concurso-oposición para o ingreso nas categorías de grupo técnico da función administrativa e grupo de xestión da función administrativa, convocado pola Resolución do 1 de marzo de 2018.

As listas coa relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas por categoría, con indicación do motivo de exclusión, e as declaradas exentas e non exentas da realización do exercicio de lingua galega, poderán examinarse na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).



Ademais, o estado de cada solicitude pode ser consultado polo/a solicitante no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

Segundo. Nomear os membros dos tribunais, titulares e suplentes, que xulgarán o proceso selectivo para o acceso ás categorías de grupo técnico da función administrativa e grupo de xestión da función administrativa, que se relacionan no anexo desta resolución.

Terceiro. Declarar de aplicación a este proceso as normas de funcionamento e actuación dos tribunais e persoal colaborador negociadas e aprobadas na Mesa Sectorial de Sanidade en data 20 de xullo de 2018, publicadas á disposición das persoas interesadas na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).

Cuarto. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto nos artigos 8.2 e 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente, e con carácter previo, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde no prazo dun mes contado desde a mesma data.

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018.

Margarita Prado Vaamonde  
Directora xeral de Recursos Humanos

#### ANEXO

#### Grupo técnico da función administrativa

Presidenta titular	Balboa Salgado, Carmen	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Secretaria titular	Afonso Barral, M <sup>a</sup> del Mar	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal titular	Fernández Peña, Ana Inés	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal titular	López García, Alejandro Ramón	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal titular	Solar Jimeno, Natalia	Persoal funcionario do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia-escala de letrados	



Presidente suplente	Martínez Blanco, Ramón	Persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Xunta de Galicia	
Secretaria suplente	Rúa Moure, M <sup>a</sup> Jesús	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal suplente	Abalo Martínez, Susana	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal suplente	Beiras Padella, José Luis	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal suplente	Rouco Rey, Juan Enrique	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa

### Grupo de xestión da función administrativa

Presidenta titular	Mouriz Fernández, María Esmeralda	Persoal funcionario do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia-escala de letrados	
Secretario titular	Potel Villar, Daniel	Persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Xunta de Galicia	
Vogal titular	López López, Manuel José	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal titular	Feijoo Lorenzo, M <sup>a</sup> del Carmen	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo de xestión da función administrativa
Vogal titular	Negreira Vidal, Silvia	Persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Xunta de Galicia	

Presidenta suplente	Garrido Dapena, Belén	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo de xestión da función administrativa
Secretaria suplente	Escudero González, Alejandra	Persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Xunta de Galicia	
Vogal suplente	López López, Isabel	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo de xestión da función administrativa
Vogal suplente	Olleros González, Concepción	Persoal funcionario do corpo de xestión da Administración xeral da Xunta de Galicia	
Vogal suplente	Vázquez Costa, M <sup>a</sup> del Mar	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo de xestión da función administrativa

